

TÉCNICAS DE ESTUDIO

O ESQUEMA

OBXECTIVOS

- 1.- Reforzar o estudo activo.
- 2.- Facilitar a comprensión e memorización dos textos.
- 3.- Proporcionarlle ao alumnado técnicas axeitadas para estruturar un texto.

COMO FACER UN ESQUEMA

- a) Deben aparecer os seguintes datos:
 - Título do tema
 - Ideas principais
 - Ideas secundarias
 - Detalles.
- b) Realizárase:
 - Nunha soa folla.
 - Destacando epígrafes, títulos e subtítulos do texto.
 - Seleccionando os conceptos básicos.
 - De forma concisa, clara e xerarquizada.
 - Utilizando unha redacción persoal.

ACTIVIDADES

- Realización de diversas prácticas de esquemas.

MATERIAIS

- Textos para subliñado e realización de esquemas.

Fai un esquema do seguinte texto:

A EMPRESA PERIODÍSTICA

En todo periódico debemos considerar un aspecto económico e outro periodístico. O aspecto periodístico fai referencia ó labor informativo e literario e ás persoas que se encargan da información. O aspecto económico comprende o capital e as persoas encargadas de administralo.

En canto á propiedade, un periódico pode ser de propiedade estatal, se pertence ó Estado, ou privada, cando pertence a unha sociedade, a unha familia ou a unha persoa. Os propietarios de periódicos normalmente buscan unha rendibilidade económica, pero tamén persiguen metas de tipo ideolóxico ou político.

Na organización distinguiremos varios departamentos:

- Departamento de Administración, que se encarga da xestión e representación da empresa. Está integrado polo Xerente, Administrador e Xefes de Sección (de Contabilidade, Distribución, Publicidade, Promoción e Vendas, Persoal...)

- Departamento de Redacción, que é o encargado de elaborar a información. Está integrado polo Director, Subdirector, Redactor Xefe, Secretario de Redacción, Xefes de Sección (da área social, política, económica, literaria, deportiva, científica...), Redactores e Colaboradores.

- Departamento Técnico, que realiza funcións propias de produción: composición, axuste de páxinas, impresión... O Xefe de Taller recibe o nome de Rexente.

ESQUEMA

SI NON

¿O teu esquema facilita a asociación ordenada de ideas?

☐ ☐

Se a resposta é positiva, o esquema é correcto

TÉCNICAS DE ESTUDIO

O RESUMO: .

OBXECTIVOS

- 1.- Aprender a simplificar un texto resaltando as ideas principais.
- 2.- Asimilar e memorizar textos dun xeito máis activo.

COMO FACER UN RESUMO

- a) Indicar o título e as ideas principais.
- b) Ser breve, conciso e claro pero sen deixar ningún aspecto importante.
- c) Redactar de forma persoal pero mantendo os termos técnicos que aparecen no texto.

ACTIVIDADES

- Realización de resumos a partir dun modelo dado.

MATERIAIS

- , Ficha modelo para realizar un resumo.

Observa o seguinte texto e o resumo correspondente:

As pezas de Blanco Amor, agrupadas polo autor en dous volumes -*Farsas para títeres e Teatro para a xente*- amosan un feito claro: nel son inseparables ideoloxía teatral e estética dramática.

En 1975, cando a Galería Sargadelos de Barcelona organizou unha mesa redonda sobre o teatro galego, D. Eduardo expuxo as súas dúbidas respecto ós rapaces universitarios de clase media que pretendían representar en Galicia o gran teatro do mundo. El insiste na idea de que non existía unha tradición. Había un pobo con apetencia de risa, un xeito pai-sano de falar e xesticular. Desas bases debía partir o escritor, sen esquecer ás persoas a quen vai dirixido o teatro. Para Blanco Amor o destinatario do teatro é a maioría do pobo galego: os campesiños, mariñeiros, artesáns, e unha parte da xente culta. Pero nunca os señoritos instruídos das cidades nin a xuventude de clase media con estudos universitarios. En consecuencia, fronte ós intentos de representar *Macbeth* de Shakespeare ou o *Hamlet* de Cunqueiro -segundo a súa opinión, condenados ó fracaso- publica un teatro fácil, que daquela están a representar tres teatros universitarios polos pobos e aldeas de Galicia. Blanco Amor, que se considera un home refinado no oficio literario, séntese satisfeito de ter escrito farsas populares, porque o pobo enténdelas e asimílaas.

Estro Montaña, *Sempre en Auria*. Edicións Xerais

RESUMO

En Blanco Amor son inseparables ideoloxía teatral e estética dramática. O destinatario do seu teatro é a maioría do pobo galego, por iso publica un teatro fácil e séntese ledo de ter escrito as *Farsas*, obras que gran número de persoas entenden e asimilan.

Agora le o seguinte texto e a continuación fai o resumo:

Pero... ¿como a pinta Blanco-Amor? ¿Como é Auria?

Diremos, en primeiro lugar, que a nosa cidade nace e medra ao pé da beira dun río grande e de sona: un río de augas antigas e míticas que cruzaron outrora as lexións romanas, deixando ao seu paso pontes e calzadas. Polo visto, os soldados do imperio viñan a estas terras afastadas na procura de metais preciosos. En todo caso, fose moito ou pouco o ouro que chegaron a atopar, co que si deron de certo foi con estrañas correntes e mananciais que xurdían fumegantes desde as mesmas entrañas da terra; augas que brotan en caudal quente e que fan que o nome de Auria sexa coñecido a través delas por xentes de terras distantes. A tales fontes déronlles no lugar o nome de As Burgas.

Coñeceu nobres fidalgos, bispos, guerreiros, revoltas, combates e asedios. Dan fe aínda de tal as casas brasonadas, as columnas e mais os arcos da catedral... Sen embargo, no paso dos séculos, Auria foi esmorecendo sen remedio e agora, cando Blanco Amor a descubre para nós, a penas é unha pequena vila -pasa dos 10.000 aos 15.000 habitan-

OS RESUMOS

tes, entre 1860 e 1920- cunha importancia que nin sequera chega para atraer ata ela a todos os que habitan dentro das fronteiras administrativas da provincia da que conserva a capital. Claro que iso non quere dicir que a nosa cidade permaneza allea, que non coñeza para nada o progreso nin os novos tempos. Durante ese período, durante os case sesenta anos que ocupa o tempo narrado por Eduardo Blanco-Amor nas súas obras, chegan moitas cousas. Por exemplo, a electricidade. E así -se Auria vivira tempo e tempo ás escuras ou, algo máis tarde, coa débil chama do gas- as prazas, as esquinas, as canellas mesmas iluminan con novos e máis potentes puntos de luz as noites caladas e quedas; noites abafantes na calor do verán; noites húmidas e frías nos longos meses da invernía. E por chegar tamén dá chegado por fin o ansiado ferrocarril, nos últimos anos do século XIX.

Xosé Ramón Pena, *Sempre en Auria*. Edicións Xerais

RESUMO

SI NON

¿O teu resumo contén a idea fundamental?

☐ ☐

Se a resposta é afirmativa, en hora boa.

TÉCNICAS DE ESTUDIO

O SUBLIÑADO.

OBXECTIVOS

- 1.- Axudar a mellorar a habilidade lectora dos alumnos/as.
- 2.- Axudar ao/á alumno/a na busca das ideas e palabras centrais do texto.
- 3.- Mellorar a comprensión do texto relacionando os conceptos.

COMO SUBLIÑAR UN TEXTO

- a.- Facer unha primeira lectura do texto.
- b.- Facer unha segunda lectura máis polo miúdo, con lapis, subliñando as ideas principais,

Ademais:

- subliña ideas principais, detalles importantes, nomes técnicos, datos e datas de interese.
- non se trata de subliñar todo o texto.
- debe ter sentido só con ler o subliñado.

ACTIVIDADES

- Subliñar un texto a partir dun modelo xa resolto.

MATERIAIS

- Modelo de texto para subliñar.

A continuación tienes un texto sencillo de Ciencias Naturales, subrávalo y después compáralo con el mismo texto, ya subrayado, que viene en las páginas posteriores.

1

LA CÉLULA

El descubrimiento de la célula

En el siglo XVII, Robert Hooke logró perfeccionar algunos instrumentos ópticos, entre ellos el microscopio. Este aparato le permitió observar cuál era la estructura de los seres vivos. En un trozo de corcho vio una disposición en celdillas que él denominó células.

Actualmente existen microscopios muy potentes mediante los cuales se ha podido estudiar la estructura y los elementos que integran las células.

Hoy sabemos que todos los seres vivos están compuestos por células, y que son las unidades básicas de la vida. La célula es capaz de nutrirse, de reproducirse, y, en ocasiones, de moverse; es decir: es capaz de realizar las funciones propias de los seres vivos.

Estructura de la célula

La forma de las células es muy distinta según se trate de células de animales o de plantas y según la función que desempeñen dentro del ser vivo. No obstante todas tienen tres partes fundamentales: membrana, citoplasma y núcleo.

La membrana celular separa el interior de la célula del medio externo y tiene como misión permitir o impedir la entrada y salida de sustancias.

El citoplasma contiene gran cantidad de sustancias y orgánulos; entre los orgánulos más importantes están:

- Las mitocondrias, en cuyo interior se producen reacciones químicas mediante las cuales la célula obtiene energía.
- Los ribosomas, en los que se fabrican las proteínas.
- Las vacuolas, que son unas bolsitas que le sirven a la célula para almacenar sustancias.

El núcleo está separado del citoplasma mediante una membrana: la membrana nuclear. La misión del núcleo es la de dirigir algunas actividades de la célula y controlar la división de la misma cuando llega el momento de su reproducción.

El tamaño de las células es muy variable. Algunas, como el microbio de la neumonía, miden la diezmilésima parte de un milímetro. Otras, como el Esténtor, miden de uno a tres milímetros. Las hay que alcanzan el tamaño de una naranja, como la yema del huevo de avestruz.

Movimiento de las células

Las células son capaces, además, de tener movimientos propios. En los seres unicelulares, estos movimientos son originados por unos orgánulos especiales llamados cilios y flagelos, que se mueven como los remos de una embarcación. En otros casos, como los glóbulos blancos de nuestro cuerpo, la membrana es muy flexible y pueden emitir pseudópodos, es decir, prolongaciones del citoplasma que arrastran a toda la célula.

LA CÉLULA

El descubrimiento de la célula

En el siglo X VII, Robert Hooke logró perfeccionar algunos instrumentos ópticos, entre ellos el microscopio. Este aparato le permitió observar cuál era la estructura de los seres vivos. En un trozo de corcho vio una disposición en celdillas que él denominó células.

Actualmente existen microscopios muy potentes mediante los cuales se ha podido estudiar la estructura y los elementos que integran las células.

Hoy sabemos que todos los seres vivos están compuestos por células, y que son las unidades básicas de la vida. La célula es capaz de nutrirse, de reproducirse, y, en ocasiones, de moverse; es decir: es capaz de realizar las funciones propias de los seres vivos.

Estructura de la célula

La forma de las células es muy distinta según se trate de células de animales o de plantas y según la función que desempeñen dentro del ser vivo. No obstante todas tienen tres partes fundamentales: membrana, citoplasma y núcleo.

La membrana celular separa el interior de la célula del medio externo y tiene como misión permitir o impedir la entrada y salida de sustancias.

- El citoplasma contiene gran cantidad de sustancias y orgánulos; entre los orgánulos más importantes están:

- Las mitocondrias, en cuyo interior se producen reacciones químicas mediante las cuales la célula obtiene energía.

Los ribosomas, en los que se fabrican las proteínas.

Las vacuolas, que son unas bolsitas que le sirven a la célula para almacenar sustancias.

El núcleo está separado del citoplasma mediante una membrana: la membrana nuclear. La misión del núcleo es la de dirigir algunas actividades de la célula y controlar la división de la misma cuando llega el momento de su reproducción.

El tamaño de las células es muy variable. Algunas, como el microbio de la neumonía, miden la diezmilésima parte de un milímetro. Otras, como el Esténtor, miden de uno a tres milímetros. Las hay que alcanzan el tamaño de una naranja, como la yema del huevo de avestruz.

Movimiento de las células

Las células son capaces, además, de tener movimientos propios. En los seres unicelulares, estos movimientos son originados por unos orgánulos especiales llamados cilios y flagelos, que se mueven como los remos de una embarcación. En otros casos, como los glóbulos blancos de nuestro cuerpo, la membrana es muy flexible y pueden emitir pseudópodos, es decir, prolongaciones del citoplasma que arrastran a toda la célula.